

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O artigo 10 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece os catro supostos que xustifican o nomeamento de funcionarios interinos: a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionario de carreira, a substitución transitoria dos titulares, a execución de programas de carácter temporal e o exceso ou acumulación de tarefas.

Os termos do devandito artigo responden actualmente as novidades legislativas introducidas por Real Decreto-lei 14/21, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE do 7 de xullo de 2021), e pola Lei 20/21, do 28 de decembro, de medidas para redución da temporalidade no emprego público (BOE do 29 de decembro de 2021).

Pola súa banda, a contratación de persoal laboral temporal atópase regulada no artigo 15 do texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, na nova redacción dada en virtude do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE do 30 de decembro de 2021).

En virtude da disposición adicional cuarta -Réxime aplicable ao persoal laboral do sector público- do mencionado Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, estableceuse a posibilidade das Administracións Públicas, de subscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e nos termos establecidos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Ese novo marco regulador complétase, anualmente, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, que inclúen a regulación da Oferta de Emprego Público e da taxa de reposición de efectivos.

O nomeamento de funcionarios interinos e a contratación de persoal laboral temporal requiren establecer os criterios e o procedemento que aseguren debidamente o cumprimento das previsións legais en materia de nomeamentos e contratacións temporais da Administración. Máxime, tendo en conta o disposto pola disposición adicional décimo sétima do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sobre "Medidas dirixidas ao control da temporalidade no emprego público".

Debe asegurarse tamén a eficacia e eficiencia de tales criterios e procedemento.

Neste marco, ao obxecto da xestión eficaz dos servizos públicos prestados polo Concello, e tendo en conta a inminente xubilación dun dos operarios de servizos múltiples adscrito á área de obras e servizos, resulta imprescindible aprobar unhas bases de selección áxiles que permitan a contratación temporal con carácter excepcional para a súa substitución e coa finalidade de dar resposta ás necesidades dos veciños de Meis.



Visto canto antecede, examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal sinalado, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición e acceso libre, para a provisión dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda.

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: www.meis.gal.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asínao a alcaldesa Dña. Marta Giráldez Barral, en Meis; do que, a secretaría, dá fe.

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

